

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publica a Resolución do 14 de decembro de 2022 de concesión de axudas ao abeiro da Orde do 14 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento BS508E).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 184, do 27 de setembro de 2022, publícase a Orde do 14 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento BS508E).

De conformidade co artigo 18 da antedita orde, a resolución do procedemento de axuda, logo da fiscalización da proposta facendo uso das competencias conferidas no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, correspóndelle á directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

Así mesmo, o seu artigo 20 establece que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre outras, a correspondente resolución deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Por todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución de concesión do 14 de decembro de 2022, para o procedemento BS508E, de



concesión de axudas para entidades de acción voluntaria de carácter asociativo e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o anos 2022 e 2023 que se incorpora no anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 14 de decembro de 2022 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días computado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2022

Cristina Pichel Toimil
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

ANEXO

Resolución do 14 de decembro de 2022 ditada no procedemento BS508E de concesión de axudas para entidades de acción voluntaria de carácter asociativo e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023

Vista a proposta de resolución do Servizo de Voluntariado e Participación de conformidade co disposto nos artigos 14, 15 e 18 da Orde do 14 de setembro de 2022 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder a axuda ás entidades locais propostas no anexo I, ao abeiro do establecido no artigo 18 da Orde do 14 de setembro de 2022 pola que se regulan as bases



das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Esta concesión resulta de aplicación de conformidade cos criterios de valoración previstos no artigo 16 das bases reguladoras, por un importe total de 250.425,24 €, para entidades locais, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.312F.460.0, correspondendo 104.827,78 € á anualidade de 2022 e 145.597,46 € á anualidade de 2023.

Da contía prevista para entidades locais resérvase un 15 % para as solicitudes presentadas conxuntamente.

Segundo. Conceder a axuda ás entidades de acción voluntaria de carácter asociativo propostas no anexo II, ao abeiro do establecido no artigo 18 da Orde do 14 de setembro de 2022 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Esta concesión resulta de aplicación de conformidade cos criterios de valoración previstos no artigo 16 das bases reguladoras, por un importe total de 182.920,00 €, para entidades de acción voluntaria, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.312F.481.0, correspondendo 76.570,31 € á anualidade de 2022 e 106.349,69 € á anualidade de 2023.

Terceiro. As axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento de todas as obrigas establecidas na Orde do 14 de setembro de 2022 e, especialmente, ás establecidas no artigo 26.

A xustificación das subvencións realizarase de acordo co establecido no artigo 23 da convocatoria.

Así mesmo, o pagamento das axudas realizarase de acordo co previsto nos artigos 24 e 25 da mesma convocatoria.

Cuarto. Denegar ou inadmitir as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa concreta que motivou a denegación ou inadmisión.

Quinto. Esta resolución, que finaliza o procedemento, esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que



a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2022. A conselleira de Política Social e Xuventude, P.D. (Artigo 18 e disposición adicional segunda da Orde do 14.9.2022), Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

CVE-DOG: wfd9tbi1-ic60-0tb7-rk25-ktfmjvkopqk9





ANEXO I

Axudas concedidas a entidades locais

Concesións conxuntas.

Nº	Nº de exp.	Entidade	NIF	Provincia	Puntuación	Orzamento concedido	Anualidade 2022	Anualidade 2023
1	2022/008	Agrupación de Monterrei e Cualedro	P3205100E	Ourense	68,00	36.000,00 €	15.069,60 €	20.930,40 €
2	2022/023	Agrupación de Concellos de Vilar de Barrio, Laza e Xunqueira de Ambía	P3209000C	Ourense	59,00	59.857,00 €	25.056,14 €	34.800,86 €
Total						95.857,00 €	40.125,74 €	55.731,26 €

Concesións individuais.

Nº	Nº de exp.	Entidade	NIF	Provincia	Puntuación	Orzamento concedido	Anualidade 2022	Anualidade 2023
1	2022/010	Concello das Pontes de García Rodríguez	P1507100D	A Coruña	73,80	19.000,00 €	7.953,40 €	11.046,60 €
2	2022/011	Concello de Vedra	P1509000D	A Coruña	69,03	15.936,53 €	6.670,81 €	9.265,72 €
3	2022/007	Concello de Ames	P1500200I	A Coruña	59,91	23.591,71 €	9.875,49 €	13.716,22 €
4	2022/004	Concello de San Xoán de Río	P3207100C	Ourense	73,00	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €
5	2022/012	Concello da Pobra de Trives	P3206400H	Ourense	73,00	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €
6	2022/014	Concello de Cenlle	P3202600G	Ourense	58,95	15.000,00 €	6.279,00 €	8.721,00 €
7	2022/003	Concello de Nogueira de Ramuín	P3205300A	Ourense	52,04	15.000,00 €	6.279,00 €	8.721,00 €
8	2022/015	Concello de Mos	P3603300I	Pontevedra	57,00	16.040,00 €	6.714,34 €	9.325,66 €
Total						182.920,00 €	76.570,31 €	106.349,69 €

ANEXO II

Axudas concedidas a entidades de acción voluntaria de carácter asociativo

Nº	Nº de exp.	Entidade	NIF	Provincia	Puntuación	Orzamento concedido	Anualidade 2022	Anualidade 2023
1	2022/025	ONGD Senvalos	G70610282	A Coruña	80,19	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €



Nº	Nº de exp.	Entidade	NIF	Provincia	Puntuación	Orzamento concedido	Anualidade 2022	Anualidade 2023
2	2022/024	Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia	G15450828	A Coruña	62,00	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €
3	2022/020	Fundación Eduardo Pondal	G70262951	A Coruña	60,75	15.000,00 €	6.279,00 €	8.721,00 €
4	2022/002	Escola de Tempo Libre Colaxe	G10818920	A Coruña	55,75	22.920,00 €	9.594,31 €	13.325,69 €
5	2022/018	Asociación Cultural, Social, Ecolóxica e Económica Os Tres Reinos	G32345274	Ourense	76,00	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €
6	2022/022	Valoresc Innovation	G70377585	Ourense	75,00	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €
7	2022/021	Asociación Esgaia Inserta	G16918641	Ourense	68,29	25.000,00 €	10.465,00 €	14.535,00 €
8	2022/005	Fundación Amigos de la Barrera	G32321978	Ourense	56,25	20.000,00 €	8.372,00 €	11.628,00 €
Total						182.920,00 €	76.570,31 €	106.349,69 €

ANEXO III

Solicitudes inadmitidas e denegadas

Denegadas entidades locais.

Nº	Nº de exp.	Entidade	NIF	Provincia	Causa de inadmisión ou denegación
1	2022/001	Concello de Laza	P3204000H	Ourense	Desistencia expresa
2	2022/009	Concello de Tordoia	P1508500D	A Coruña	Artigo 1, non inscrita no Rexistro de Acción Voluntaria
3	2022/013	Concello de Outes	P1506300A	A Coruña	Artigo 1, non inscrita no Rexistro de Acción Voluntaria
4	2022/016	Concello da Baña	P1500700H	A Coruña	Artigo 17.2, non obter a puntuación mínima exixida
5	2022/017	Concello da Veiga	P3208400F	Ourense	Artigo 12, non emenda o requirimento
6	2022/019	Concello de Soutomaior	P3605300G	Pontevedra	Desistencia expresa

Denegadas entidades de acción voluntaria.

Nº	Nº de exp.	Entidade	NIF	Provincia	Causa de inadmisión ou denegación
1	2022/006	Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos	G27753268	Pontevedra	Artigo 17.2, non obter a puntuación mínima exixida

